25 de xullo 2011 / Día da Patria Galega

Hai alternativa !

BNG
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

1. Un Día da Patria Galega 2011 para demostrarmos que o nacionalismo si ten alternativas frente a falta de propostas dos partidos estatais para resolver a crise.

O Bloque Nacionalista Galego convoca o Día da Patria Galega 2011 cun lema ben suxestivo: Estamos por Galiza, a favor do pobo. Soberanía, Democracia e Traballo.

Soberanía, Democracia e Traballo: imposíbel resumir mellor as alternativas do nacionalismo galego ante a crise da globalización neoliberal e a grave situación que atravesa o noso País, caracterizada polo alto paro, o colapso dos sectores produtivos, o estancamento demográfico e o espolio do noso aforro após a bancarización da caixa galega.

O nacionalismo galego si ten alternativas frente a falta de propostas dos partidos estatais para resolver a crise. **Nin PSOE nin PP poden resolvela porque continúan comprometidos coas políticas de dereita e neoliberais, que están na orixe da propia crise.** Fai falta unha mudanza profunda que en Galiza só pode vir da man do Bloque Nacionalista Galego.

Este Día da Patria Galega 2011 é unha excelente oportunidade para demostrarmos que o pobo galego ten enerxías de abondo para procurar unha saída galega e socialmente xusta á crise.

O BNG chama a unha participación masiva na **manifestación** que, como todos os anos, sairá da **Praza da Alameda de Santiago de Compostela ás 12 horas.** Tomemos civicamente as rúas para facermos ouvir a nosa voz e pormos de manifesto que aquí hai un pobo que non se resigna e que loita polo seu futuro.

2. Soberanía: Galiza necesita un poder político real para remontar a crise e desenvolver en plenitude a súa identidade nacional.

A primeira Alternativa é a de dotar a Galiza dun poder político consoante coa súa condición de nación. O actual marco político

(marcado por unha evidente ofensiva recentralizadora) non serve: as decisións que nos atinxen tómanse en instancias moi afastadas de nós e cada día cun maior desprezo das nosas necesidades. Hai que ir cara á conquista da soberanía, non só para que o Goberno galego dispoña de competencias para reactivar a economía nacional, mais tamén para desenvolvermos en plenitude a nosa identidade nacional, desde a lingua até a cultura.

3. Democracia: en Galiza a Democracia, para ser real, ten que ser o poder do pobo galego.

A crise non é só da economía, senón tamén da democracia. As decisións non se adoptan nos consellos de ministros, senón nos consellos de administración da grande banca, das transnacionais e de organismos non democráticos como o Fondo Monetario Internacional ou o Banco Central Europeu. Hai que resgatar, portanto, a Democracia. E iso pasa por devolverlle o seu sentido orixinario. Ten de ser o poder do pobo. No caso galego, o poder do pobo galego.

4. Traballo: por unha economía produtiva frente á economía da especulación financeira.

A Alternativa do BNG complétase cunha clara aposta pola economía produtiva frente á economía da especulación financeira. Só aquela poderá activar os sectores produtivos do País e, portanto, criar traballo en condicións dignas. As políticas quer do Goberno do PP na Xunta quer do Goberno do PSOE no Estado non perseguen máis obxectivo que o de beneficiar a grande banca, con desprezo total pola factura que diso decorra en termos de destrució de emprego.

Soberanía, Democracia e Traballo: si hai Alternativas e agora o que cómpre é reforzalas enchéndomos Santiago de Compostela o 25 de Xullo. **O nacionalismo apostou historicamente pola mobilización social, sempre a favor do pobo.** Non é o momento da pasividade: é o momento de actuar, de defendermos os nosos dereitos como nación.

Fagamos entre todas e todos que este Día da Patria Galega sexa un clamor popular en defensa de Galiza!

MANIFESTACIÓN ás 12 da mañá na Alameda de Santiago de Compostela

www.bng-galiza.org
facebook.com/bloquenacionalistagalego
twitter.com/obloque

Hai alternativa !

BNG
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO